

BANDO

Por Resolución de alcaldía de 22 de maio de 2023 aprobáronse as normas para a celebración das fogueiras de San Xoán 2023. A través do presente BANDO fanse públicas as normas co obxecto de acadar a maior difusión posible.

DECRETO DA ALCALDÍA POLO QUE SE APROBAN AS NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2023

Perante á celebración nas parroquias e nos domicilios particulares deste concello das fogueiras de San Xoán 2023 e das súas sardiñadas consideradas celebracións festivas de arraigada tradición cultural.

Tendo en conta o previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais así coma nas súas modificacións posteriores, que exceptúa da prohibición de facer fogueiras en zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, o uso de lume en festas locais ou de arraigada tradición popular, para o que se requirirá autorización previa polo concello, na cal figurarán, en todo caso, as medidas de seguridade e prevención de incendios forestais.

Baseándome nas competencias que me outorga o artigo 21.1.j da Lei de Bases de Réxime Local e demais aplicacións para o efecto,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar a realización de fogueiras e sardiñadas con motivo do día de San Xoán, a aquelas persoas ou entidades que formalicen a súa petición presentando a debida solicitude no rexistro do concello ou nos medios habilitados para tal fin, onde se lles fará entrega das medidas de prevención que deberán adoptar para evitar o risco de incendios.

SEGUNDO.- Aprobar as normas ás que terá que axeitarse a instalación e queima das fogueiras particulares de San Xoán 2023 e o modelo de “Solicitude de fogueira de San Xoán 2023”.

NORMAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2023

1ª.- Presentación a través da sede electrónica ou no Rexistro Xeral do Concello, do modelo normalizado da solicitude de celebración da fogueira, facendo constar os seguintes datos da persoa que organiza o acto e que se fai responsable deste:

- Nome e apelidos e documento nacional de identidade da persoa solicitante.
- Situación exacta do predio particular, indicando dirección completa e referencia catastral.
- Obriga de coñecer o enderezo e teléfono do servizo municipal de extinción de incendios (618705640), Policía Local (618705626) e Protección Civil (671386984).
- Compromiso de dispor no evento dun teléfono móbil en funcionamento, con indicación na comunicación do seu número.
- Coa documentación achegarase copia do DNI das persoas responsables.



2ª.- As solicitudes deberán ser presentadas:

No caso de espazos públicos: Dende o 5 de xuño de 2023 até o día 16 de xuño do 2023, ás 14.00 horas.

No caso de espazos privados: Dende o 5 de xuño de 2023 até o día 20 de xuño do 2023, ás 14.00 horas.

3ª.- No caso de fogueiras ou sardiñadas solicitadas para espazos privados entenderanse autorizadas mediante o rexistro da solicitude nos medios e tempos indicados.

4ª.- No caso de fogueiras ou sardiñadas solicitadas para espazos públicos deberán achegar á solicitude un mapa do lugar exacto onde celebrarán a fogueira. Estas deberán ser expresamente autorizadas pola concelleira de medio ambiente a través dunha resolución que será notificada en tempo e forma.

5ª.- As fogueiras terán que distar un mínimo de 15 metros ás edificacións e árbores. O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros.

6ª.- Os materiais a empregar na combustión serán: leña, pólas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase. Prohíbense calquera outro tipo de material, especialmente: os pneumáticos, plásticos, latas, botellas, materiais con PVC en xeral e similares, así como botar aerosois, aceites ou líquidos combustibles e/ou calquera substancia explosiva.

7ª.- Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

8ª.- Prohíbese a realización de fogueiras sobre vías públicas pavimentadas, xardíns ou zonas verdes en xeral.

9ª.- Non está permitido, tanto en espazos públicos como persoais, o uso de combustibles líquidos nin de acelerantes nas fogueiras.

10ª.- Queda totalmente prohibido trasladar material para as fogueiras en colectores de lixo.

11ª.- A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables até a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os restos con auga, e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, e poida dificultarse a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse.

12ª.- Será obrigatoria a limpeza do espazo autorizado ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a fogueira e/ou sardiñada.

13ª.- A persoa solicitante terá que acatar as normas ou instrucións que poidan ditar os axentes dos Corpos da Policía Local ou Corpo de Bombeiros.

14ª.- A hora límite para rematar a celebración é as 03:30 horas da madrugada, de acordo co disposto no artigo 5.f da Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Esta Alcaldía, ao tempo que convida a todos os veciños e veciñas a gozar da celebración desa noite, confía en que se cumpran estas instrucións, ditadas para garantir a protección e seguranza no municipio.

A Alcaldesa. Cristina Fernández Davila (Documento asinado electronicamente)

